

## UNIDADE 2: As mulleres na sociedade, unha historia de ocultación

### VIDEOFÓRUM: O SOÑO IMPOSÍBEL

Vexamos *O soño imposible*, unha curtametraxe de animación que a Organización de Nacións Unidas encargou ao cineasta checo Dagmar Doubková en 1983. Nela amósanse situacións cotiás ás que se enfrontaban as mulleres de hai corenta anos.

A curtametraxe é unha sátira sobre a corresponsabilidade no traballo doméstico. Cando rematedes podedes iniciar un diálogo en base ás preguntas que tedes embaixo:



Fotograma de "O soño imposible". Fonte: Librería Dixital da ONU

1. Como podes ver, a curta ten uns cantos anos. Pensas que perdeu actualidade ou o que conta segue a estar vixente hoxe en día? Por que?
2. Como se comportan o fillo e a filla na curtametraxe? De que depende que adquiran eses roles diferenciados?
3. A curtametraxe amosa que a muller e o home reciben un salario desigual. Este é un tema que causa moita controversia. Que credes que se intenta expresar cando se di que as mulleres cobran menos que os homes polo mesmo traballo?
4. Un dos momentos que causan máis sorpresa no espectador/a é ver a reacción da muller cando observa a vida das mulleres en África. Por que?
5. No soño que teñen ao final do vídeo ambos cooperan nas tarefas domésticas e no coidado das/os filla/os. Mellora isto a súa vida?
6. A curta titúlase "O soño imposible?" Como se pode facer realidade?